

PRAZOS DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA PARA O NOVO ALUMNADO. CURSO 2022-2023

(Prazos aprobados na Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2022)

12 DE MAIO - PUBLICACIÓN PRAZAS VACANTES

13 DE MAIO - INICIO PRAZO PREINSCRICIÓN

10 DE XUÑO - REMATE PRAZO PREINSCRICIÓN

Período de preinscrición de praza (do 13 de maio ao 10 de xuño de 2022):

As persoas interesadas en matricularse deberán presentar a solicitude ben na sede electrónica do concello de Santiago, de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán presentarse:

- De forma telemática na sede electrónica do concello: <https://sede.santiagodecompostela.gal/> , escollendo o trámite “Inscrición na Escola Municipal de Música” dentro do catálogo de trámites dispoñible.
- No rexistro do Concello de Santiago: realizarase sen cita previa e unicamente será necesario solicitar número ou quenda na máquina dispensadora de citas. Os cidadáns poderán obter o seu número ou quenda das 09:00 ás 13:00 horas. Cada quenda permitirá realizar un máximo de dous trámites. No caso de ter que facer máis de dous trámites, os interesados poderán obter os números que precisen.

IMPORTANTE: *Se no presente curso 21/22 quedaron en situación de lista de agarda, deben volver presentar a solicitude para o curso 22/23*

Outras cuestións de interese:

- A persoa solicitante debe estar empadroado/a ou cursar estudos oficiais no municipio de Santiago de Compostela
- Para solicitar máis información poden chamar ao 636 979 527 ou escribir a info@emmsantiagodecompostela.com

Período matrícula para as persoas admitidas: do 4 ao 15 de xullo de 2022, na propia EMM